



**Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SERVIZOS CENTRAIS

**EXPEDIENTE:** 13507/407

## RESOLUCIÓN

Con data 17 de agosto de 2021, pola Técnica de Administración Xeral, coa conformidade do Xerente da XMU, asíñase informe-proposta co contido que a continuación se transcribe literalmente:

### **“1.- Antecedentes.**

Mediante resolución da Vicepresidenta da XMU de data 26 de maio de 2021 resolveuse o seguinte:

*“PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento administrativo relativo á aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Delineante na XMU do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Encomendar ós Servizos Centrais desta XMU a tramitación do correspondente procedemento.”*

A propia Vicepresidencia, en resolución de 01.06.2021, resolveu:

*Primeiro.- Aprobar as Bases, cuxo texto íntegro se adxunta á presente resolución, que rexerán o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de prazas de Delineante, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Auxiliar, grupo C, subgrupo C1 de titulación, para substituír aos funcionarios integrados en dito corpo e escala ou para dar cobertura a calquera das circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Segundo.- Convocar o proceso selectivo antedito mediante a publicación das Bases que se anexan a esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias e revisadas as solicitudes, conforme as bases que rexen esta convocatoria, o 9.07.2021 publicouse a lista provisional de admitidos e excluídos, procedéndose en data 09.08.2021 á publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos, e nomeamento dos membros integrantes do órgano de selección.

### **2.- Sinalamento da data de constitución do órgano de selección.**

Conforme a base quinta das bases que rexen este proceso selectivo (BOP de Pontevedra de 11.06.2021), non constando a presentación por parte das persoas aspirantes, de recusación aos membros do Tribunal de concorrer algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015, e sendo competencia da Vicepresidencia da XMU a designación dos membros do dito órgano, é preciso o sinalamento de lugar, data e hora da súa constitución, atendendo o seu funcionamento ao establecido nas ditas bases e na Lei 40/2015.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo  
EXPEDIENTE 13507\_407

Data impresión: 19/08/2021 09:16

Páxina 1 de 2

CSV: 2CE4DB-D63939-AF4H43-Z3GS58-B3FKZD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SERVIZOS CENTRAIS

**EXPEDIENTE:** 13507/407

O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a Presidente/a e do/a Secretario/a, podendo dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas.

De conformidade coas citadas bases propónse á Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción da seguinte proposta :

**PRIMEIRO.-** Dispoñer que a data e lugar de constitución do órgano de selección será o vindeiro día 20 de agosto de 2021 ás 10:00 horas no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación da presente resolución na páxina web municipal.

**RESOLVO** de conformidade coa proposta formulada.

Vigo, data sinatura electrónica  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez, Vicepresidenta da XMU

O Secretario Xeral  
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo  
EXPEDIENTE 13507\_407

Data impresión: 19/08/2021 09:16 Páxina 2 de 2  
CSV: 2CE4DB-D63939-AF4H43-Z3GS58-B3FKZD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>